

## **INFORME SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A CREACIÓN DO HOSPITAL PÚBLICO E ÚNICO DE PONTEVEDRA MEDIANTE A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO.**

### **Consulta**

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a proposición de lei de iniciativa legislativa popular referida (doc. RE núm. 50812, do 25 de maio de 2016) cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, no disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

### **Fundamentos de dereito**

#### **1. Normativa xeral**

A iniciativa legislativa popular forma parte do dereito fundamental da cidadanía a participar directamente nos asuntos públicos (artigo 23.1 da Constitución), cuxo exercicio desenvolve a Lei 7/2105, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, en cumprimento do establecido no artigo 13.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia. En concreto, o seu artigo 1 faculta ás persoas maiores de idade que gocen da condición política de galegos ou galegas e que se atopen inscritos no censo electoral para exercer a iniciativa legislativa popular en materias non expresamente excluídas pola lei e de acordo co procedemento establecido nela.

Polo que os requisitos persoais, para ter a capacidade necesaria que permita exercer a iniciativa legislativa, son a maioría de idade, a condición política de galego ou galega e a inscrición no censo electoral de calquera das circunscricións electorais de Galicia. Asemade, os artigos 4.c) e 5 da Lei establecen que os membros da comisión promotora, integrada por un mínimo de dez persoas, terán que reunir a condición de electoras ou electores e non estar incurso nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidades aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, nin poderán formar parte dela os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia.

De acordo co disposto nos artigos 3 e 6 quedan excluídas dunha iniciativa legislativa popular as materias non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma, as de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía de Galicia e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación unha maioría cualificada, así como as de natureza orzamentaria e tributaria. Ademais requírese a inexistencia previa doutra iniciativa legislativa en trámite sobre o mesmo obxecto.

O artigo 4 da Lei establece o procedemento a seguir para a presentación da iniciativa legislativa popular no Rexistro do Parlamento de Galicia sinalando que, o escrito dirixido á Mesa, conterá o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos, e dunha exposición das razóns que aconsellen a aprobación polo Parlamento de Galicia da correspondente proposición de lei.

Por outro lado, as funcións cualificadoras da Mesa da Cámara suxéitanse ao réxime xeral, efectuando un control de legalidade en función do canon estritamente normativo, e non político

nin de oportunidade. Nestes termos pronunciouse o Tribunal Constitucional nos autos 428/1989 (fundamento xurídico 3) e 140/1992 (fundamento xurídico 3), 304/1996 e na Sentenza 76/1994 (fundamento xurídico 2).

## **2. Exame do escrito núm. 50812 polo que se formaliza a iniciativa legislativa popular**

A presentación deste escrito inicia un procedemento parlamentario regrado correspondéndolle á Mesa da Cámara realizar o control de legalidade formal da documentación achegada e, en concreto, a declaración de admisión ou non a trámite da iniciativa legislativa formulada, polos motivos taxados regulados nas letras a) a d) do artigo 6 da Lei 7/2015, do 7 de agosto a cuxo exame procedemos a continuación:

### **2.1. Materias excluídas.**

O artigo 3 da Lei de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia exclúe da dita iniciativa as materias seguintes:

- As non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación o voto favorable dunha maioría cualificada.
- As de natureza orzamentaria e tributaria.

A razón que xustifica a presentación desta proposición de lei radica, a xuízo das persoas integrantes da comisión promotora, na necesidade de mellorar a asistencia sanitaria mediante a creación dun hospital público e único en Pontevedra coa ampliación do actual Hospital de Montecelo.

A estes efectos o texto da proposición de lei, logo dunha exposición de motivos, consta de dous artigos seguidos de unha disposición adicional, unha derogatoria e unha derradeira. No seu articulado contéplase a ampliación do Hospital de Montecelo para a construción dun novo hospital único en Pontevedra e o mantemento do uso sanitario do edificio do Hospital provincial para os servizos enumerados no apartado 2 do artigo 2.

### **2.2. Requisitos formais**

O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei de iniciativa legislativa popular preséntase polas persoas que constitúen a comisión promotora e que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos e DNI.

Non achegan:

-O documento acreditativo de que teñen a condición política de galegos (artigo 1 da Lei 7/2015), que son os cidadáns españois que teñan a veciñanza administrativa en calquera concello de Galicia (artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia).

-Unha declaración escrita por parte de todas e cada unha das persoas que integran a comisión promotora, coa súa sinatura persoal, de non estar incursas nas causas de inelixibilidade ou

incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto.

-A certificación da Oficina do Censo Electoral que recolla os elementos acreditativos da súa condición de electores.

Consecuentemente, non se cumpren os requisitos formais requiridos nos artigos 5 e 6 da Lei 7/2015.

### Conclusiones

Procede requirirles aos membros da comisión promotora para que cumplan os citados requisitos formais. O cumprimento destes requisitos deberá facerse no prazo dun mes a contar desde o seguinte á data da notificación do acordo da Mesa da Cámara no que se faga ese requirimento (artigo 6.b) da Lei 7/2015). No caso de incumprimento no dito prazo, procedería o arquivo da iniciativa.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2016

Polos Servizos Xurídicos

